

**Área: Cte. Arbitral**

**Circular nº 01 - Temp. 20/21**

## MATERIAL PLANTEL ARBITRAL

A Federación Galega de Balonmán comunica as seguintes cuestión relacionadas co material esencial para que o colectivo arbitral realice a súa labor na tempada 20/21 e considera de especial importancia a imaxe corporativa e unificada, polo que ten que estar en perfecto estado:

- **TARXETAS DE SANCIONS:** Dende a tempada pasada estamos a repartir o novo xogo comprobante das tarxetas de sancións disciplinarias a todo o colectivo arbitral. Aquel ou aquela que aínda non o recollera, poñerse en contacto por correo electrónico ao comité de árbitros para coordinalo e autorizalo: [cte.arbitros@fgbalonman.com](mailto:cte.arbitros@fgbalonman.com)



**IMPORTANTE:** O primeiro xogo de tarxetas é gratuito; en caso de querer adquirir mais xogos (non se venden por separado) o prezo é de 4€ e poden recollerse en calquera momento na sede da FGBm. Por outra banda, se alguén ten algunha tarxeta degradada terá que solicitar o seu troco pola mesma vía, no correo anterior e facer entrega da que precisa trocar.

- **TARXETAS CONTROL TANTEO:** Os colexiados/as que non dispoñan de tarxetas para levar o tanteo dos encontros poden pasar en calquera momento pola sede da FGBm a recollelas.
- **MATERIAL ENGADIDO POR COVID19:** Para poder desenrolar a vosa labor dun xeito máis seguro e previr o risco de contaxio polo virus SARS-COV2, repártirase un material adicional sen coste. Está composto por asubío electrónico, máscara deportiva, máscara de paseo e xel hidroalcohólico. Faranse entregas periódicas de mascarillas co fin de que non perdan a súa capacidade de protección.
- **UNIFORMIDADE:** Finalizar a entrega da equipaxe ao panel arbitral.
- **MATERIAL ANOTADORES/AS – CRONOMETRADORES/AS:** Procederase á entrega dun conxunto de elementos para desenrolo da súa labor: maletín, triángulos de soporte, tarxetas de tempo morto, cinta para o seu mellor acomodo, cronómetro e carpeta porta documentos.
- **IMPORTANTE:** Todo aquel que teña algún problema con calquer material que se entrega e que teña que trocarse, terase que coordinar dende o correo electrónico para a súa autorización.

[cte.arbitros@fgbalonman.com](mailto:cte.arbitros@fgbalonman.com)



En Vigo a 1 de outubro de 2020.